

CFR DE OURENSE



Avenida da Universidade 18,
32005 Ourense

cfr.ourense@edu.xunta.gal

988 241 533



@cfrourense



XUNTA
DE GALICIA

CENTRO DE FORMACIÓN
E RECURSOS
DE OURENSE



ENAPAS

ESCOLAS DE NAIS E PAIS

Formación para as familias
desde os centros educativos



As ENAPAS son unha proposta de formación dirixida ás familias que buscan crear espazos de encontro, diálogo, aprendizaxe e reflexión compartida dentro da comunidade educativa.



A rede de formación permanente do profesorado ofrece o apoio, soporte e acompañamento necesario para o seu funcionamento.

QUE TEMÁTICAS PODEMOS TRABALLAR?

O Plan Anual de Formación do Profesorado recolle, entre outras, propostas relacionadas con:



BENESTAR E SEGURIDADE

- Hábitos de saúde · Prevención de adiccións · Primeiros auxilios
- Alimentación saudable · Actividade física
- Uso responsable dos dispositivos móbiles · Convivencia
- Acoso e ciberacoso · ODS · E-Dixgal · IA



RELACIÓNS FAMILIARES E COMUNICACIÓN

- Comunicación cos fillos e fillas nas diferentes etapas
- Disciplina positiva · Alternativas de ocio en familia



ORIENTACIÓN EDUCATIVA E FAMILIAR

- Diversidade · Educación afectivo-sexual
- Prevención da violencia de xénero · Promoción da igualdade
- Adolescencia · Orientación educativa e futuro laboral
- Apoio ás competencias lectora e matemática
- Estratexias de aprendizaxe



E estas son só algunhas posibilidades.

O equipo directivo pode propoñer outras temáticas que considere necesarias atendendo á realidade, intereses e necesidades das familias do seu centro.

As familias tamén forman parte da comunidade educativa.
Detectade as súas necesidades, propoñede a formación e, desde o CFR de Ourense, acompañámosvos no proceso.

COMO SOLICITAR FORMACIÓN PARA FAMILIAS?

O proceso é moi sinxelo:



DETECTADE A NECESIDADE

Identificade unha temática de interese para as familias do centro.



CUBRIDE O FORMULARIO

O equipo directivo cubrirá o formulario de solicitude de ENAPA, indicando os datos do centro e a proposta formativa.



ENVIÁDEO Á PERSOA ASESORA DO CENTRO

Remitide a solicitude á persoa asesora de referencia do voso centro, que a revisará e trasladará ao equipo directivo do CFR de Ourense para a súa valoración final.



APROBACIÓN E XESTIÓN DA ACTIVIDADE

Se a solicitude é aprobada, a persoa asesora de referencia comunicará a aprobación ao centro. A secretaría do CFR contactará coa persoa relatora para realizar os trámites necesarios para a xestión económica da actividade.

ONDE ATOPAR O FORMULARIO?

O formulario de solicitude está dispoñible na **Aula Virtual do CFR de Ourense.**

